

A LENDA DE AZALEQUIA E NIROSTÁN

Era Nirostán fermoso de figos escuros. E Azalequia de madreselvas. Era Nirostán fermoso de acibeche. E Azalequia de almisce. Era Nirostan fermoso sobre o fermoso. E Azalequia máis aló da fermosura. Nirostán home escuro, de escuro rostro, escuras mans, escuros ollos de beleza escura. Sorriso escuro. Peito escuro. Amigo de músicas tristes e de sorrisos perdidos, de soños entrelazados e de romances descoloridos. Forte de tempestades. Nirostán, home perdido. Acaparador de ventos libres, usurpador de profecías, xogador das súas miserias, esperanzador non seus vivires. Amigo de soidades e de recunchos escondidos. Onde vas coa túa bufanda, a túa soidade, o teu sorriso; o teu aire de moita cousa, os teus pes grandes, a túa caluga fina, as túas mans cheas de todo, o teu ventre de xogo limpo? Onde vas? Que non atopas o que procuras nos ríos. Que non haxas o que escarvas nos montes. Que non sentes o que mascas nos prados. Que non amas o que enlazas nas túas coxas. Onde vas? bo amigo. Azalequia, unha nena, xoga con monecos de trapo a ser muller, nai, amiga. E os monecos fanlle cousiñas e ela ri divertida. Xoga a muller maior, pero é pequena e é bonita. Ninguén lle di nada, pero ela baila, ri, brinca. Ama aos merlos brancos, aos trevos pequenos, aos amigos e aos seus monecos de trapo descoloridos. Pola mañá érguese, colle ao seu noivo e vaise a misa. E pola tarde baila músicas de agora, porque as de antes sonche tan aburridas. E os monecos fanlle cousiñas e ela ri divertida. Como podería dicirche eu que serás muller antes de ter deixado de ser cativa. Que estarás soa, despois de ter os ollos cheos. Que amarás un corpo de lonxe, despois de telo entre os teus cabelos. Como poderíache dicir eu, querida amiga, tantas cousas que saberás pancada a pancada, ferida a ferida, día a día, morte a morte, espiña a espiña. E os monecos fanlle cousiñas e ela ri divertida. Nirostán, sobre o seu cabalo de cristal, xoga remuíños dourados sobre o seu provir altivo, e un día esquece volver, e sen bufanda, sen camisa, lánzase a buscar algo máis alá do outeiro. Onde vas, cabaleiro, pintando redobres nos teus pes? Vou na procura do que busco, do que non atopo, do que non sei. Relincha tintíns o seu cabalo de cristal, e alá vai o negro amigo, a súa túnica na cintura, a súa fina caluga, os seus grandes pes, as súas mans cheas de todo e a súa cabeza tamén. Percorre paraxes de todos, de algúns, de el. Sube a grandes cimas e baixa con feridas nos pes. Tenta amigos doutros. Constrúe e déixao a medio facer. Aspira ventos doutros lugares e se lle encrespa a pel. Detense, descabalga. Non, non é isto. Cabalga e afástase outra vez. Detense, descabalga. Non, non é isto. Cabalga e afástase outra vez. Detense, descabalga. Non, non é isto. Cabalga e afástase outra vez. . Pero, que buscas bo amigo? Xa llo dixen, non o sei. A choiva saca folerpas de xofre a súa pel e embaza o fermoso empaque do seu cabaliño de cristal; pero Nirostán é forte, seco, amigo do vento, estraño ser. Non deixaría a súa busca diso que non sei que é. Azalequia, mentres tanto, aló noutro lugar, onde as follas de fento pesan unha grande verdade, fai calzóns ao seu pitiño e caldo ao seu papá. Lava roupa de monecos, cose, pasa o ferro e dá de merendar a un cativiño pobre que se atopou na cidade. E o seu noivo, de tarde en tarde, regálalle por coquetear, unha pluma arrincada da cola dun pavo real. Nirostán, barba dun palmo, pómulos tártaros, olliños de moito xogar segue buscando, buscando aquilo que pronto atopará. Xa o cabalo morreu, iso que era de cristal, xa a brisa enredase no seu pescozo, e a chuvia puxo estraños pesos no seu pensamento azul de ultramar. Xa anda un pouco lento, se cadra canso de tanto camiñar. Xa ten engurriñas nos ollos a pesares da súa pouco idade. E xa ten unha pálida cicatriz no peito, quen sabe de que pelexar. E un día calquera, un día que non tiña porque ser distinto aos demais, que mesmo Nirostán estaba canso e Azalequia levaba, como todos os días, o seu pantalonciño azul, miráronse e daquela xa non puideron deixar de mirarse máis. Por que o vento amigo levou ao home a aquel lugar? Por que Azalequia levantou

os ollos cara aquela figura cuberta de lixo e suando de tanto camiñar? Por que Nirostán, ao ver aqueles ollos, de súpeto, sen saben porqué, deixou de buscar? Por que Azalequia, unha nena, vendo aquel home deixou de xogar? E sen embargo aí están quedos, fitándose, sentíndose por riba do vento, da chuvia, do dor, do amor, do que dirán. Aí están, el coa súa bufanda, o seu sorriso, o seu tenro mirar, a seu aire de moita cousa, as súas mans finas, a súa pálida cicatriz no peito e o seu aposto empaque de sultán. Ela, como retando algo que non hai que retar, queda sen saber porque, sen saber porque no querendo escapar, co seu pantalón azul, o seu lene sorriso, o seu colar, o seu longo pelo en trenza, os seus negros ollos sen pestanexar. Por que Nirostán sente as coxas tensas? Por que Azalequia escoita no seu maxín, tintíns afastados que lle encrespaban o peluxe das coxas e ela non sabía porqué? Por que el alonga a man? Por que ela a vai encontrar? Como te chamas? Azalaquia, e ti? Nirostán. Onde vas? Non o sei, e ti? Alí, contigo. Xa saben todo o un do outro, xa non haberá Nirostán sen Azalequia nin Azalequia sen Nirostán. E aí seguen eles, mirándose, sen pestanexar. Nunca ela sentiu cousa parecida. Nunca el pensou amar. Nirostán cóllea da man e lévaa detrás dunha pequena matogueira. El quita a camisa. Ela non sabe que debe quitar. El as súas grosas botas negras. Ela sente que algo vai pasar. El arrinca cos seus dentes os botonciños da súa camisa de tafetá e ela sente punzadas na espiña dorsal. El faille cousas doces no peito e ela se deixa bicar. O sol mira cara ao horizonte coma se quixera marchar. Azalequia ten vergoña e lle gustaría podelo apagar. A barba de Nirostán fai bonitos deseños no seu peito, nas súas costas, nos seus ollos, no seu colo, nas súas mans. E Azalequia sente remuíños raros no seu cabelo, nas súas mans, no seu peito, nas súas coxas; e sen saber porqué acaricia unhas costas finas e uns ollos de moito xogar. Xa o sol marchou de puntiñas, para non facer ruído, para non molestar. E a montaña do fronte chisca a lingua por vella, por boa e por disimular. E alá, no lonxe, detrás da matogueira dos nenos espidos xogan a xogos que unen, que enlazan, que encantan, que son de verdade. E de súpeto detense todo: o vento, o sol, o tempo, a montaña, o lugar, Azalequia e Nirostán. É o intre de sentirse todos, o un ao outro, o outro ao un, coma se fosen da mesma densidade. Nirostán érguese a modo e Azalequia non se pode levantar. El conta estrelas por anos e ela sente formiguiñas na planta dos pes, na palma das mans, no colo e na cervical. El ponse a camisa e ela quixera volver comezar. E neste día, tras a matogueira, cando o vento pasa coma sempre facendo a todo o mundo rabiarse, as estrelas coma sempre, coquetean coa mar. Cando a montaña, coma sempre, murmura para poderse adormecer. Dous nenos xúranse cousas para toda a eternidade. Cousas fermosas e sinxelas. Cousas que son de verdade. Mentres el lle acaricia os peitos e ela non sabe que acariciar.